concello
Porto do Son

Rúa Atalaia nº 7 - 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

# BANDO

## D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO
## ALCALDE DO CONCELLO DE PORTO DO SON
## FAI SABER:

A Xunta de Galicia convoca **AXUDAS INDIVIDUAIS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA SERVIZO DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL** (DOG nº 200 do 19/10/2018).

**REQUISITOS XERAIS:**

- Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, ou ser pensionista de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez ou os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou incapacidade permanente.
- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter unha renda per cápita da unidade familiar de convivencia que non supere o 300 % do IPREM establecido para o ano 2018.

**INCOMPATIBILIDADES:**

Estas axudas son incompatibles coa percepción de calquera outra axuda que teña a mesma finalidade, incluídas as obtidas a través do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

**TIPO DE AXUDA:**

Establécese en función da intensidade e custo de cada servizo.
**Servizos que se subvencionan**: respiro familiar a través de axuda no fogar, atención diúrna, atención residencial…, atención temperá, rehabilitación funcional, fisioterapia, terapias alternativas, logopedia, terapia ocupacional, estimulación cognitiva e/ou sensorial, atención psicomotriz, psicolóxica, neuropsicolóxica, psiquiátrica, psicosocial, pedagóxica…, podoloxía, servizo de acompañamento e intérpretes, etc.

**PRAZO DE SOLICITUDE:** Ata o día **19 de novembro de 2018**.

Para máis información poden dirixirse ás oficinas municipais de Servizos Sociais ou contactar no teléfono 981 86 74 14.

Porto do Son, 31 de outubro do 2018

O Alcalde

PORTO DO SON
ALCALDÍA DE

Asdo) José Luis Oujo Pouso